

**1.** Enche os ocos coa forma do artigo que cumpra, utilizando as contraccións que sexan precisas:

- Xosé foi (a + o) \_\_\_\_\_ cine (con + a) \_\_\_\_\_ irmá (de + o) \_\_\_\_\_ seu veciño.
- Vou cear (con + os) \_\_\_\_\_ meus avós.
- Verémonos (en + o) \_\_\_\_\_ mes de agosto (en + a) \_\_\_\_\_ Rúa.
- O barco navega (por + o) \_\_\_\_\_ mar.
- Se vas (a + a) \_\_\_\_\_ praia (con + o) \_\_\_\_\_ teu irmán, avísame.
- (en + o) \_\_\_\_\_ Teatro Principal están representando *Os velllos non deben de namorarse*.
- Sabela foi (con+as) \_\_\_\_\_ amigas (a + o) \_\_\_\_\_ cine.
- (en + o) \_\_\_\_\_ mes de novembro facemos un magosto en Montealegre.

**2.** Completa o texto cos artigos e contraccións que faltan:

*Unha vez chegou (a) \_\_\_\_\_ praia de Ostia un individuo extravagante, verdadeiramente curioso. Chegou de último (con) \_\_\_\_\_ parasol debaixo (de) \_\_\_\_\_ brazo, e non atopou sitio para chantar \_\_\_\_\_ parasol. Entón abriuno, deulle unha tocadeliña (en) \_\_\_\_\_ mango e, de súpeto, \_\_\_\_\_ parasol ergueuse (por) \_\_\_\_\_ aire, brincou e foise deter (en) \_\_\_\_\_ mesmiña beira (de) \_\_\_\_\_ mar, áinda que dous ou tres metros por riba (de) \_\_\_\_\_ bico (de) \_\_\_\_\_ outros parasoles. \_\_\_\_\_ desconcertante personaxe abriu \_\_\_\_\_ súa hamaca, e tamén esta flotou (en) \_\_\_\_\_ aire. \_\_\_\_\_ home \_\_\_\_\_ tombouse (a) \_\_\_\_\_ sombra (de) \_\_\_\_\_ parasol, tirou un libro (de) \_\_\_\_\_ peto e púxose a ler, aspirando \_\_\_\_\_ brisa (de) \_\_\_\_\_ mar, picante (con) \_\_\_\_\_ sal e mais \_\_\_\_\_ iodo.*

**3.** Copia as frases facendo as contraccións que sexan posibles:

– De aquela había poucos habitantes en esta vila; en estes tempos somos moitos máis. \_\_\_\_\_

– Todas as noites de esta semana naveguei por Internet. \_\_\_\_\_

– Pousa o ordenador en aquela mesa e a impresora en aqueloutra. \_\_\_\_\_

**4.** Completa coa contracción que corresponda:

- Esta praia é ideal para o baño; \_\_\_\_\_ (esa + outra), para os deportes náuticos.
- Estes videoxogos son para Antía e \_\_\_\_\_ (eses + otros) para Sabela.
- Non quero ver esa película senón \_\_\_\_\_ (esa + outra).
- Estes amorodos están áinda verdes. Colle \_\_\_\_\_ de alí.
- Esas cazadoras son moi grandes; sentan mellor \_\_\_\_\_ de aquí.

## **5. Reescribe as seguintes oracións e fai as contraccións oportunas.**

– María vive en unha casa á beira do río. \_\_\_\_\_

– Xoán foi xogar ao fútbol con uns amigos. \_\_\_\_\_

– Esta historia lina en un libro de contos. \_\_\_\_\_

– El é o fillo de un amigo meu. \_\_\_\_\_

– Con un sorriso agradeceu a nosa chegada. \_\_\_\_\_

## **6. Copia as oracións facendo as contraccións que sexan posibles.**

- Non quero falar de isto; prefiro conversar sobre iso outro.

---

- En esa mesa está a merenda, en esta outra tes a mochila.

---

- Contáranme algo de aquelas rapazas, pero eu só coñezo ben estas outras.

---

- Todas as tardes de aquela primavera saíra con aquel noivo que tiña.

---

## **7. Corrixe os errores que observes.**

- Esos nenos teñen moitos amigos. \_\_\_\_\_

- Ista xente non é de aquí. \_\_\_\_\_

- Gústanme más ca aqueles outros. \_\_\_\_\_

- Non comprou aquellos libros. \_\_\_\_\_

- Estes cadros de alí son novos. \_\_\_\_\_